

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA) PARA A RENOVACIÓN DO PAVIMENTO DAS PISTAS DE ATLETISMO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A SUBDIRECTORA XERAL DE XESTIÓN DEPORTIVA DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE,

DECLARA:

Que esta SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou co CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 9 de outubro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Cangas para levar a cabo a renovación do pavimento das pistas de atletismo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

O Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón que os concellos exercerán, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, nas seguintes materias: promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre (artigo 25.2.I).

No marco da lexislación básica do Estado, a Lei 5/1997 establece que os concellos exercerán, entre outras, competencias en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas (artigo 80.2.n), e poderán celebrar coa Xunta de Galicia convenios de cooperación para unha xestión máis eficaz das súas competencias (artigo 198).



A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, contempla no seu artigo 8 a posibilidade de colaboración da Administración deportiva autonómica coas administracións locais.

II. As administracións públicas asinantes deste convenio son conscientes de que o incremento e mellora das condicións que esixe a práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas, de forma que permitan dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.

A Secretaría Xeral para o Deporte, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de mellora das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma de Galicia, actuacións que permitan a construción ou mellora de instalacións deportivas básicas ou daquelas que presenten un maior interese deportivo. Neste sentido é de interese da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a colaboración coas administracións locais para o fomento do deporte no ámbito municipal.

A necesidade de levar a cabo esta actuación, ven determinada pola importancia deste concello para a promoción do deporte en toda a comarca que comprende, en especial do atletismo dado que esta pista é unha das máis utilizadas de toda a Comunidade Autónoma. O uso continuado e intensivo desta instalación, xunto cos problemas derivados da climatoloxía e da súa antigüidade, é o que xustifica a súa reparación de xeito urxente. Desta circunstancia derívanse as razóns que acreditan o interese público da actuación, e xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, de acordo con disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo tamén ao establecido no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 14 de novembro de 2017.

(asinado dixitalmente)

